



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 217

VII lexislatura

19 de outubro de 2006

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

1. Procedementos de natureza normativa

1.1. Leis e outras normas

1.1.1. Leis

–Lei de modificación da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia 24044

1. Procedementos de natureza normativa

1.1. Leis e outras normas

1.1.1. Leis

Lei de modificación da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia

O Parlamento de Galicia, na sesión do día 17 de outubro de 2006, aprobou a Lei de modificación da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2006

Dolores Villarino Santiago

Presidenta

Lei de modificación da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia

Preámbulo

A Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, foi o froito da asunción de competencias que fixo nesta materia o Estatuto de autonomía de Galicia. No seu momento, supuxo non só o exercicio da competencia lexislativa que se lle transferira a Galicia, senón tamén a oportunidade de regular a caza desde unha perspectiva máis próxima e, polo tanto, máis axeitada ao sentido de entendela no noso país.

Nestes últimos anos produciuse unha transformación moi importante da agrariedade galega. Un cambio propiciado por circunstancias de diversa índole social e económica, que transformou a superficie de labor e os seus cultivos e que tivo unha repercusión profunda nos ecosistemas e, da súa man, nas poboacións e nas especies vinculadas ao mundo de caza.

Reclamados polas novas circunstancias, tamén se produciron cambios lexislativos en ámbitos supraautonómicos, que inciden directamente no noso sistema xurídico e que obrigan ao seu cumprimento. Reformas en materias que son de competencia estatal e que informan, con carácter básico, a regulación autonómica. Neste sentido, cómpre lembrar a Lei 17/2005, do 19 de xullo, pola que se regula o permiso e a

licenza de condución por puntos e se modifica o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, que no seu artigo único, apartado vinte, incorpora unha disposición adicional novena cunha incidencia directa no ámbito da responsabilidade por danos ocasionados polas especies cinexéticas, prevista no artigo 23 da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia.

Noutro ámbito de cousas, tamén se procede á inclusión de determinadas matizacións no articulado desta lei, en concreto relativas á definición da acción de cazar, no que se substitúe a expresión “dar morte” pola de “cobralos”, á especificación da caza en zonas de seguridade, á posibilidade de autorización de caza menor con arma longa raiada ou á concreción da actividade de granxa cinexética. Así mesmo, incorpórase un novo artigo dedicado á actividade da taxidermia e establécense determinadas previsións relativas ás probas de detección alcohólica ou de substancias psicotrópicas ás que se poden someter os cazadores.

Preténdese con esta modificación legal darlles unha nova redacción a determinados preceptos legais da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, así como incorporar novos preceptos relativos á actividade da taxidermia e ás probas de detección alcohólica ou de substancias psicotrópicas, mantendo tanto as liñas básicas fixadas pola devandita Lei 4/1997 coma a maioría do seu articulado.

Artigo primeiro.- Modificacións no título preliminar da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia

Modifícase o contido do artigo 2, que a seguir se relaciona, do título preliminar da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, que queda redactado como segue:

“Artigo 2.- Acción de cazar

Considérase acción de cazar a actividade exercida polas persoas, mediante o uso de armas, artes ou outros medios autorizados, para buscar, atraer, perseguir ou acosar os animais que se declaren como pezas de caza, co fin de cobralos, apropiarse deles ou facilitar a súa captura por un terceiro.”

Artigo segundo.- Modificacións no título I da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia

Modifícanse os artigos que a seguir se relacionan do título I da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, que quedan redactados como segue:

Un.- Modifícase o contido do apartado 2 do artigo 8, que quedará redactado como segue:

“2.- Exclúense desta consideración todos aqueles que constitúen núcleos urbanos ou rurais, vilas, xardíns, parques destinados ao uso público, recintos deportivos, instalacións fabrís ou industriais, estradas, vías férreas ou calquera outro lugar que sexa declarado non cinexético en razón das súas especiais características e no que o exercicio da caza deba estar permanentemente prohibido.”

Dous.- Modifícase o contido do apartado 2 do artigo 13, que quedará redactado como segue:

“2.- A superficie mínima e continua dos tecor será de dúas mil hectáreas, e a duración do seu réxime especial será a do prazo de cesión dos dereitos cinexéticos, que en ningún caso será menor de cinco anos, nin superará os vinte e cinco anos, ao cabo dos que se extinguirá o tecor, agás que se proceda á súa renovación, de acordo co que se dispoña regulamentariamente.

O réxime cinexético especial dos tecor manterase, malia a perda de dereitos cinexéticos sobre determinados terreos que o integren, sempre que a superficie restante non sexa inferior á mínima sinalada no parágrafo anterior. Sen prexuízo do disposto anteriormente, calquera cambio na titularidade cinexética da totalidade ou parte dos terreos comprendidos no tecor deberalle ser comunicado á administración no prazo e nas condicións previstos regulamentariamente.

Co fin de fomentar as poboacións cinexéticas, os tecor manterán como vedado de caza unha superficie mínima do 10% dos seus terreos. Estes vedados de caza deberán manter os mesmos lindeiros, polo menos, durante dous anos consecutivos.”

Tres.- Modifícase o contido do apartado 3 do artigo 21, que quedará redactado como segue:

“3.- Nas explotacións cinexéticas de carácter comercial, que deberán constituírse como empresas mercantís, poderá exer-

citarse a caza sobre animais procedentes de granxas cinexéticas ou doutros establecementos autorizados, tales como parques de voo, cercados de aclimatación, biótopos, etc., de conformidade cos plans establecidos e previamente aprobados pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

A superficie mínima para poder autorizar este tipo de explotacións é de cincuenta hectáreas, se se dedican a caza menor, e de cen hectáreas cando o obxecto da explotación sexa a caza maior.

Os titulares destas explotacións deberán de sinalalas de acordo coa normativa regulamentaria, que para tal efecto se dite, e, en todo caso, están obrigados a sinalizar os terreos que se atopen dentro do perímetro da explotación e dos que non se dispoña de autorización expresa dos seus titulares, para o seu aproveitamento cinexético.

Para autorizar unha explotación cinexética comercial é imprescindible contar coa titularidade cinexética da totalidade dos terreos, en superficie continua, sobre os que pretende constituírse. Cando estas autorizacións afecten espazos naturais protexidos, o promotor deberá presentar un proxecto para efectos de que o órgano ambiental decida en cada caso, consonte co previsto no artigo 1.2 da Lei 6/2001, do 8 de maio, de modificación do Real decreto legislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental, de xeito motivado e público e consonte cos criterios do anexo III deste real decreto, se estes proxectos deben someterse ou non a unha avaliación de impacto ambiental.

Por vía regulamentaria determinaranse as condicións nas que esta actividade poida desenvolverse, e en especial as referentes a controis xenéticos e sanitarios, requisitos para realizar as soltas, época e frecuencia destas, marcaxe das pezas, modalidades de caza, requisitos para o seu transporte e cantas outras se consideren pertinentes.”

Catro.- Modifícase o contido do artigo 23, que quedará redactado como segue:

“Artigo 23.- Indemnizacións por danos

1.- En accidentes de tráfico ocasionados por atropelo de especies cinexéticas os danos persoais e patrimoniais ate-

rarse ao disposto na normativa estatal en materia de seguridade vial existente ao respecto.

2.- Os titulares de aproveitamentos cinexéticos de terreos suxeitos a réxime cinexético especial responderán nos demais casos dos danos ocasionados polas especies cinexéticas.

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, logo da instrución do correspondente expediente de valoración, indemnizará os danos efectivamente producidos polas especies cinexéticas dos terreos cinexéticos de aproveitamento común, dos tecos autonómicos da súa administración, das reservas de caza, dos refuxios de fauna e de calquera outro terreo no que a administración e xestión lle correspondan.”

Cinco.- Modifícase o contido do artigo 25, que quedará redactado como segue:

“Artigo 25.- Descrición das zonas de seguridade

1.- Para os efectos do establecido no artigo 8.3 desta lei, consideraranse zonas de seguridade:

a) As marxes e zonas de servidume que se atopen cercadas das vías e camiños de uso público e as vías férreas.

b) As augas públicas, incluídos os seus leitos e marxes, nunha franxa de cinco metros do límite das maiores enchentes ordinarias.

c) Os perímetros dos núcleos urbanos e rurais e doutras zonas habitadas.

d) Os perímetros das vilas, edificios habitables illados, xardíns e parques públicos, áreas recreativas, zonas de acampada, recintos deportivos e calquera outro lugar que polas súas características sexa declarado como tal en razón do previsto no artigo 8.3.

2.- Malia o previsto no apartado anterior, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, logo de petición dos titulares cinexéticos interesados, poderá autorizar a caza nas vías e nos camiños de uso público, así como nos leitos e nas marxes dos ríos, regatos e canles que atravesen

terreos cinexéticos ou constitúan o límite entre eles. Nas resolucións que se diten para o efecto, se son afirmativas, fíxaranse as condicións aplicables en cada caso para exercer a caza baixo a responsabilidade dos titulares da autorización.

3.- Calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, poderalle solicitar, fundadamente, á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible a declaración como zona de seguridade dun determinado lugar cando concorran as circunstancias previstas no artigo 8.3. As ditas zonas, no caso de seren así declaradas, deberán ser sinalizadas polo promotor conforme se determine regulamentariamente.”

Seis.- Engádesse un artigo 25 bis, coa seguinte redacción:

“Artigo 25 bis.- A caza nas zonas de seguridade

1.- Queda prohibido circular con armas de caza cargadas e usalas no interior dos núcleos urbanos e rurais e noutras zonas habitadas ata o límite que acaden as últimas edificacións ou instalacións habitables, ampliado nunha franxa de cen metros en todas as direccións.

2.- No caso de vilas, edificios habitables illados, recintos deportivos, xardíns e parques destinados ao uso público, áreas recreativas e zonas de acampada, o límite da prohibición ao que se refire o apartado anterior será o dos propios terreos onde se atopen instalados, ampliado nunha franxa de cen metros en todas as direccións.

3.- Prohíbese circular con armas de caza cargadas e usalas no caso de autoestradas, autovías, vías rápidas, corredores, estradas nacionais, autonómicas e locais, nunha franxa de cincuenta metros de ancho a ambos os dous lados da zona de seguridade. En ningún caso se poderá disparar en dirección a outros camiños de uso público ou vías férreas.

Nas marxes das vías non incluídas no parágrafo anterior, se as condicións daquelas permiten o exercicio seguro da caza, poderase cazar ou situar os postos para os zapeos, ganchos ou montarías.

Nos carreiros e camiños rurais pouco transitados, destinados ao paso a pé e ao uso agrícola ou forestal, poderase cazar sempre que as condicións de seguridade o permitan.”

Artigo terceiro.- Modificacións no título III da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia

Un.- Modifícase o contido do número 24 do apartado 1 do artigo 34, que quedará redactado como segue:

“24) Cazar con arma longa raiada, salvo que expresamente se autorice, ou empregar cartuchos de bala ou postas para especies de caza menor ou utilizar municións de perdigóns ou postas para a caza maior.”

Dous.- Engádese un número 29 ao contido do apartado 1 do artigo 34, co seguinte texto:

“29) Cazar baixo a influencia de estupefacientes, alcohol, substancias psicotrópicas ou calquera outra droga que altere sensiblemente as facultades normais do cazador ou a súa capacidade de reacción.”

Tres.- Engádese un artigo 35 bis, co seguinte texto:

“Artigo 35 bis.-Taxidermia

Por vía regulamentaria regularase a actividade da taxidermia, na que se preverá, en todo caso, a obriga de levar un libro rexistro no que conste a procedencia do animal e a obriga de absterse de recibir e preparar a peza que non veña acompañada da documentación e dos precintos acreditativos da súa orixe.”

Artigo cuarto.- Modificacións no título IV da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia

Engádese un apartado 4 ao artigo 45, co seguinte contido:

“4.- Os cazadores que sexan sorprendidos cazando con síntomas de atoparse baixo a influencia de estupefacientes, alcohol, substancias psicotrópicas ou calquera outra droga deberán someterse ás probas de detección, cando sexan requiridos para isto polos axentes ou membros dos corpos e forzas de seguridade do Estado e polo persoal das escalas de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais da Xunta de Galicia. Por vía regulamentaria determinaranse o procedemento, as dilixencias que se van levar a cabo e, en xeral, as regras ás que deberá de axustarse esta actuación.”

Artigo quinto.- Modificacións no título VII da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia

Modifícase o contido do artigo 54, que quedará redactado como segue:

“Artigo 54.- Granxas cinexéticas

1.- As granxas cinexéticas teñen a consideración de explotacións gandeiras, consonte prevén a Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e o Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras.

2.- A autorización e o rexistro das granxas cinexéticas no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras corresponderalle á Consellería do Medio Rural, sen prexuízo da necesidade de informe previo e favorable ao dito rexistro da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

3.- A Consellería do Medio Rural poñerá en coñecemento da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible o rexistro das granxas cinexéticas no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras, para os efectos do exercicio das facultades de control na actividade cinexética correspondentes á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Neste sentido remitiráselle, xunto coa notificación do rexistro da granxa, unha copia íntegra do expediente.”

Artigo sexto.- Modificacións no título IX da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia

Un.- Engádese un apartado 41 ao contido do artigo 58, co seguinte texto:

“41) Incumprir a obriga establecida para os talleres de taxidermia, no artigo 35 bis, de levanza dun libro rexistro no que conste a procedencia do animal e mais a obriga de absterse de recibir e preparar a peza que non veña acompañada da documentación e dos precintos acreditativos da súa orixe.”

Dous.- Modifícase o contido do apartado 11 do artigo 59, co seguinte texto:

“11) Cazar baixo a influencia de estupefacientes, alcohol, substancias psicotrópicas ou calquera outra droga que altere

sensiblemente as facultades normais do cazador ou a súa capacidade de reacción, cando así o acrediten as probas previstas, ou negarse a realizar as correspondentes probas para a súa detección requiridas polos axentes da autoridade.”

Disposición transitoria única.- Aplicación do prazo máximo de cesión dos dereitos cinexéticos

As previsións contidas no apartado dous do artigo segundo desta lei, relativas á fixación dun prazo de cesión dos dereitos cinexéticos que non superará os vinte e cinco anos, tan só serán aplicables aos tecos de nova aprobación, así como a aqueles nos que se proceda á renovación da cesión.

Disposición derradeira única.- Entrada en vigor

Esta lei entrará en vigor aos vinte días naturais da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2006

Dolores Villarino Santiago

Presidenta

Ley de modificación de la Ley 4/1997, de 25 de junio, de caza de Galicia

Preámbulo

La Ley 4/1997, de 25 de junio, de caza de Galicia, fue el fruto de la asunción de competencias que hizo en esta materia el Estatuto de autonomía de Galicia. En su momento, supuso no sólo el ejercicio de la competencia legislativa que se había transferido a Galicia, sino también la oportunidad de regular la caza desde una perspectiva más próxima y, por tanto, más adecuada al sentido de entenderla en nuestro país.

En estos últimos años se ha producido una transformación muy importante de la agrariedad gallega. Un cambio propiciado por circunstancias de diversa índole social y económica, que transformó la superficie de labor y sus cultivos y que tuvo una repercusión profunda en los ecosistemas y, de su mano, en las poblaciones y las especies vinculadas al mundo de la caza.

Reclamados por las nuevas circunstancias, también se produjeron cambios legislativos en ámbitos supraautonómicos,

que inciden directamente en nuestro sistema jurídico y que obligan a su cumplimiento. Reformas en materias que son de competencia estatal y que informan, con carácter básico, la regulación autonómica. En este sentido, es necesario recordar la Ley 17/2005, de 19 de julio, por la que se regula el permiso y la licencia de conducción por puntos y se modifica el texto articulado de la Ley sobre tráfico, circulación de vehículos a motor y seguridad vial, que en su artículo único, apartado veinte, incorpora una disposición adicional novena con una incidencia directa en el ámbito de la responsabilidad por daños ocasionados por las especies cinegéticas, prevista en el artículo 23 de la Ley 4/1997, de 25 de junio, de caza de Galicia.

En otro ámbito de cosas, también se procede a la inclusión de determinadas matizaciones en el articulado de la presente ley, en concreto relativas a la definición de la acción de cazar, en el que se sustituye la expresión “dar muerte” por la de “cobrarlos”, a la especificación de la caza en zonas de seguridad, a la posibilidad de autorización de caza menor con arma larga rayada o a la concreción de la actividad de la granja cinegética. Asimismo, se incorpora un nuevo artículo dedicado a la actividad de la taxidermia y se establecen determinadas previsiones relativas a las pruebas de detección alcohólica o de sustancias psicotrópicas a las que se pueden someter a los cazadores.

Se pretende con esta modificación legal dar una nueva redacción a determinados preceptos legales de la Ley 4/1997, de 25 de junio, de caza de Galicia, así como incorporar nuevos preceptos relativos a la actividad de la taxidermia y a las pruebas de detección alcohólica o de sustancias psicotrópicas, manteniendo tanto las líneas básicas fijadas por dicha Ley 4/1997 como la mayoría de su articulado.

Artículo primero.- Modificaciones en el título preliminar de la Ley 4/1997, de 25 de junio, de caza de Galicia

Se modifica el contenido del artículo 2, que a continuación se relaciona, del título preliminar de la Ley 4/1997, de 25 de junio, de caza de Galicia, que queda redactado como sigue:

“Artículo 2.- Acción de cazar

Se considera acción de cazar la actividad ejercida por las personas, mediante el uso de armas, artes u otros medios

autorizados, para buscar, atraer, perseguir o acosar a los animales que se declaren como piezas de caza, a fin de cobrarlos, apropiarse de ellos o facilitar su captura por un tercero.”

Artículo segundo.- Modificaciones en el título I de la Ley 4/1997, de 25 de junio, de caza de Galicia

Se modifican los artículos que a continuación se relacionan del título I de la Ley 4/1997, de 25 de junio, de caza de Galicia, que quedan redactados como sigue:

Uno.- Se modifica el contenido del apartado 2 del artículo 8, que quedará redactado como sigue:

“2.- Se excluyen de esta consideración todos aquéllos que constituyen núcleos urbanos o rurales, villas, jardines, parques destinados al uso público, recintos deportivos, instalaciones fabriles o industriales, carreteras, vías férreas o cualquier otro lugar que sea declarado no cinegético en razón de sus especiales características y en el que el ejercicio de la caza deba estar permanentemente prohibido.”

Dos.- Se modifica el contenido del apartado 2 del artículo 13, que quedará redactado como sigue:

“2.- La superficie mínima y continua de los tecor será de dos mil hectáreas, y la duración de su régimen especial será la del plazo de cesión de los derechos cinegéticos, que en ningún caso será menor de cinco años, ni superará los veinticinco años, a cuyo término se extinguirá el tecor, salvo que se proceda a su renovación, de acuerdo con lo que se disponga reglamentariamente.

El régimen cinegético especial de los tecor se mantendrá, no obstante la pérdida de derechos cinegéticos sobre determinados terrenos que lo integren, siempre que la superficie restante no sea inferior a la mínima señalada en el párrafo anterior. Sin perjuicio de lo dispuesto anteriormente, cualquier cambio en la titularidad cinegética de la totalidad o parte de los terrenos comprendidos en el tecor habrá de ser comunicado a la administración en el plazo y condiciones previstos reglamentariamente.

A fin de fomentar las poblaciones cinegéticas, los tecor mantendrán como vedado de caza una superficie mínima del 10% de sus terrenos. Estos vedados de caza deberán mante-

ner los mismos lindes, al menos, durante dos años consecutivos.”

Tres.- Se modifica el contenido del apartado 3 del artículo 21, que quedará redactado como sigue:

“3.- En las explotaciones cinegéticas de carácter comercial, que habrán de constituirse como empresas mercantiles, podrá ejercitarse la caza sobre animales procedentes de granjas cinegéticas o de otros establecimientos autorizados, tales como parques de vuelo, cercados de aclimatación, biotopos, etc., de conformidad con los planes establecidos y previamente aprobados por la Consejería de Medio Ambiente y Desarrollo Sostenible.

La superficie mínima para poder autorizar este tipo de explotaciones es de cincuenta hectáreas, si se dedican a caza menor, y de cien hectáreas cuando el objeto de la explotación sea la caza mayor.

Los titulares de estas explotaciones habrán de señalarlas con arreglo a la normativa reglamentaria, que a tal efecto se dicte, y, en todo caso, están obligados a señalar los terrenos que se encuentren dentro del perímetro de la explotación y de los que no se disponga de autorización expresa de sus titulares, para su aprovechamiento cinegético.

Para autorizar una explotación cinegética comercial es imprescindible contar con la titularidad cinegética de la totalidad de los terrenos, en superficie continua, sobre los que pretende constituirse. Cuando estas autorizaciones afecten a espacios naturales protegidos, el promotor habrá de presentar un proyecto a efectos de que el órgano ambiental decida en cada caso, conforme a lo previsto en el artículo 1.2 de la Ley 6/2001, de 8 de mayo, de modificación del Real decreto legislativo 1302/1986, de 28 de junio, de evaluación de impacto ambiental, de forma motivada y pública y conforme a los criterios del anexo III de este real decreto, si estos proyectos han de someterse o no a una evaluación de impacto ambiental.

Por vía reglamentaria se determinarán las condiciones en las que esta actividad pueda desarrollarse, y en especial las referentes a controles genéticos y sanitarios, requisitos para realizar las sueltas, época y frecuencia de éstas, marcado de las piezas, modalidades de caza, requisitos para su transporte y cuantas otras se consideren pertinentes.”

Cuatro.- Se modifica el contenido del artículo 23, que quedará redactado como sigue:

“Artículo 23.- Indemnizaciones por daños

1.- En accidentes de tráfico ocasionados por el atropello de especies cinegéticas los daños personales y patrimoniales se atenderán a lo dispuesto en la normativa estatal en materia de seguridad vial existente al respecto.

2.- Los titulares de aprovechamientos cinegéticos de terrenos sujetos a régimen cinegético especial responderán en los demás casos de los daños ocasionados por las especies cinegéticas.

La Consejería de Medio Ambiente y Desarrollo Sostenible, previa instrucción del correspondiente expediente de valoración, indemnizará los daños efectivamente producidos por las especies cinegéticas de los terrenos cinegéticos de aprovechamiento común, de los tecor autonómicos de su administración, de las reservas de caza, de los refugios de fauna y de cualquier otro terreno cuya administración y gestión le correspondan.”

Cinco.- Se modifica el contenido del artículo 25, que quedará redactado como sigue:

“Artículo 25.- Descripción de las zonas de seguridad

1.- A los efectos de lo establecido en el artículo 8.3 de la presente ley, se considerarán zonas de seguridad:

a) Los márgenes y zonas de servidumbre que se encuentren cercados de las vías y caminos de uso público y las vías férreas.

b) Las aguas públicas, incluidos sus cauces y márgenes, en una franja de cinco metros del límite de las mayores crecidas ordinarias.

c) Los perímetros de los núcleos urbanos y rurales y de otras zonas habitadas.

d) Los perímetros de las villas, edificios habitables aislados, jardines y parques públicos, áreas recreativas, zonas de acampada, recintos deportivos y cualquier otro lugar que por

sus características sea declarado como tal en razón de lo previsto en el artículo 8.3.

2.- No obstante lo previsto en el apartado anterior, la Consejería de Medio Ambiente y Desarrollo Sostenible, previa petición de los titulares cinegéticos interesados, podrá autorizar la caza en las vías y caminos de uso público, así como en los cauces y márgenes de los ríos, arroyos y canales que atraviesen terrenos cinegéticos o constituyan el límite entre los mismos. En las resoluciones que se dicten al efecto, si son afirmativas, se fijarán las condiciones aplicables en cada caso para ejercitar la caza bajo la responsabilidad de los titulares de la autorización.

3.- Cualquier persona física o jurídica, pública o privada, podrá solicitar, fundadamente, a la Consejería de Medio Ambiente y Desarrollo Sostenible la declaración como zona de seguridad de un determinado lugar cuando concurren las circunstancias previstas en el artículo 8.3. Dichas zonas, en caso de ser así declaradas, deberán ser señaladas por el promotor conforme se determine reglamentariamente.”

Seis.- Se añade un artículo 25 bis, con la siguiente redacción:

“Artículo 25 bis.- La caza en las zonas de seguridad

1.- Queda prohibido circular con armas de caza cargadas y usarlas en el interior de los núcleos urbanos y rurales y en otras zonas habitadas hasta el límite que alcancen las últimas edificaciones o instalaciones habitables, ampliado en una franja de cien metros en todas las direcciones.

2.- En caso de villas, edificios habitables aislados, recintos deportivos, jardines y parques destinados al uso público, áreas recreativas y zonas de acampada, el límite de la prohibición a que se refiere el apartado anterior será el de los propios terrenos donde se encuentren ubicados, ampliado en una franja de cien metros en todas las direcciones.

3.- Se prohíbe circular con armas de caza cargadas y usarlas en el caso de autopistas, autovías, vías rápidas, corredores, carreteras nacionales, autonómicas y locales, en una franja de cincuenta metros de ancho a ambos lados de la zona de seguridad. En ningún caso se podrá disparar en dirección a otros caminos de uso público o vías férreas.

En los márgenes de las vías no incluidas en el párrafo anterior, si las condiciones de las mismas permiten el ejercicio seguro de la caza, se podrá cazar o situar los puestos para los zapeos, ganchos o monterías.

En los senderos y caminos rurales poco transitados, destinados al paso a pie y al uso agrícola o forestal, se podrá cazar siempre que las condiciones de seguridad lo permitan.”

Artículo tercero.- Modificaciones en el título III de la Ley 4/1997, de 25 de junio, de caza de Galicia

Uno.- Se modifica el contenido del número 24 del apartado 1 del artículo 34, que quedará redactado como sigue:

“24) Cazar con arma larga rayada, salvo que expresamente se autorice, o emplear cartuchos de bala o postas para especies de caza menor o utilizar municiones de perdigones o postas para la caza mayor.”

Dos.- Se añade un número 29 al contenido del apartado 1 del artículo 34, con el siguiente texto:

“29) Cazar bajo la influencia de estupefacientes, alcohol, sustancias psicotrópicas o cualquier otra droga que altere sensiblemente las facultades normales del cazador o su capacidad de reacción.”

Tres.- Se añade un artículo 35 bis, con el siguiente texto:

“Artículo 35 bis.- Taxidermia

Por vía reglamentaria se regulará la actividad de la taxidermia, en la que se contemplará, en todo caso, la obligación de llevar un libro registro donde conste la procedencia del animal y la obligación de abstenerse de recibir y preparar la pieza que no venga acompañada de la documentación y los precintos acreditativos de su origen.”

Artículo cuarto.- Modificaciones en el título IV de la Ley 4/1997, de 25 de junio, de caza de Galicia

Se añade un apartado 4 al artículo 45, con el siguiente contenido:

“4.- Los cazadores que sean sorprendidos cazando con síntomas de encontrarse bajo la influencia de estupefacientes, alco-

hol, sustancias psicotrópicas o cualquier otra droga deberán someterse a las pruebas de detección, cuando sean requeridos para ello por los agentes o miembros de los cuerpos y fuerzas de seguridad del Estado y por el personal de las escalas de agentes forestales y agentes facultativos medioambientales de la Xunta de Galicia. Por vía reglamentaria se determinarán el procedimiento, las diligencias a llevar a cabo y, en general, las reglas a que deberá ajustarse esta actuación.”

Artículo quinto.- Modificaciones en el título VII de la ley 4/1997, de 25 de junio, de caza de Galicia

Se modifica el contenido del artículo 54, que quedará redactado como sigue:

“Artículo 54.- Granjas cinegéticas

1.- Las granjas cinegéticas tienen la consideración de explotaciones ganaderas, conforme prevén la Ley 8/2003, de 24 de abril, de sanidad animal, y el Real decreto 479/2004, de 26 de marzo, por el que se establece y regula el Registro General de Explotaciones Ganaderas.

2.- La autorización y el registro de las granjas cinegéticas en el Registro General de Explotaciones Ganaderas corresponderá a la Consejería del Medio Rural, sin perjuicio de la necesidad de informe previo y favorable al mencionado registro de la Consejería de Medio Ambiente y Desarrollo Sostenible.

3.- La Consejería del Medio Rural pondrá en conocimiento de la Consejería de Medio Ambiente y Desarrollo Sostenible el registro de las granjas cinegéticas en el Registro General de Explotaciones Ganaderas, a los efectos del ejercicio de las facultades de control en la actividad cinegética correspondientes a la Consejería de Medio Ambiente y Desarrollo Sostenible. En este sentido se remitirá, junto con la notificación del registro de la granja, una copia íntegra del expediente.”

Artículo sexto.- Modificaciones en el título IX de la Ley 4/1997, de 25 de junio, de caza de Galicia

Uno.- Se añade un apartado 41 al contenido del artículo 58, con el siguiente texto:

“41) Incumplir la obligación establecida para los talleres de taxidermia, en el artículo 35 bis, de llevar un libro registro

donde conste la procedencia del animal y la obligación de abstenerse de recibir y preparar la pieza que no venga acompañada de la documentación y los precintos acreditativos de su origen.”

Dos.- Se modifica el contenido del apartado 11 del artículo 59, con el siguiente texto:

“11) Cazar bajo la influencia de estupefacientes, alcohol, sustancias psicotrópicas o cualquier otra droga que altere sensiblemente las facultades normales del cazador o su capacidad de reacción cuando así lo acrediten las pruebas previstas, o negarse a realizar las correspondientes pruebas para su detección requeridas por los agentes de la autoridad.”

Disposición transitoria única.- Aplicación del plazo máximo de cesión de los derechos cinegéticos

Las previsiones contenidas en el apartado dos del artículo segundo de la presente ley, relativas a la fijación de un plazo de cesión de los derechos cinegéticos que no superará los veinticinco años, tan sólo serán de aplicación a los tecos de nueva aprobación, así como a aquéllos en los que se proceda a la renovación de la cesión.

Disposición final única.- Entrada en vigor

La presente ley entrará en vigor a los veinte días naturales de su publicación en el *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de octubre de 2006

Dolores Villarino Santiago
Presidenta

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

ESTRUCTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
 - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
 - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
 - 2.1 INVESTIDURA
 - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
 - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
 - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
 - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
 - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
 - 3.5 MOCIÓNS
 - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
 - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
 - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
 - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
 - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
 - 4.2 INTERPELACIÓNS
 - 4.3 PREGUNTAS
 - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
 - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
 - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
 - 5.3 VALEDOR DO POBO
 - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
 - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
 - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
 - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
 - 6.5 VOCAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
 - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
 - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
 - 6.8 VOCAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
 - 6.9 VOCAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
 - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
 - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
 - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
 - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVICIOS DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.2 PERSOAL
 - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
 - 9.1 INFORMACIÓNS
 - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25